



## **CIRCULAR 44-2022.**

### **XXXIV CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA ABSOLUTO DE CLUBS**

- A todas as delegacións da FGA.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

**Art.1)** A F.G.A organiza o XXXIV Campionato Xunta de Galicia de Clubs ó Aire Libre o día 23 de Abril de 2022. Pendente de sede

**Art.2)** Poderán participar os/as atletas que teñan licenza FGA ou licenza por outra comunidade autónoma pertencentes aos clubs desta competición ou asociados.

**Art.3)** Poderán intervir un total de 8 clubs masculinos e femininos, estando convidados de forma directa os catro primeiros clasificados do Campionato de Galicia de Clubs da tempada 2021. Estes clubs son:

**Homes:** Sociedad Gimnástica de Pontevedra, R.C. Celta, C.A.Santiago e C.A.Narón.  
**Mulleres:** Atletismo Femenino Celta, Sociedad Gimnástica de Pontevedra, Ourense Atletismo e Ría Ferrol-Concepción Arenal.

**Todos estes clubs deberán confirmar a súa participación antes do 9 de abril en:**  
[direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal)

**O resto dos Clubs, ata completar o máximo indicado de 8 en cada categoría, designaranse por estadio de marcas dende a tempada 2021 dos/as atletas con licenza por ese club na tempada actual, aínda que no 2021 teñan estado noutro club. O sistema de puntuación obterase puntuando as seguintes probas:**

**Homes:** 100, 200, 400, 800, 1.500, 5.000, 110v., 400v. 3.000obs., altura, lonxitude, triplo, pértiga, peso, disco, xavelina, martelo e 10km ou 5Km marcha.

**Mulleres** 100, 200, 400, 800, 1.500, 5.000, 100v, 400v., 3000bst. altura, lonxitude, triplo, pértiga, peso, disco, xavelina, martelo e 5km marcha.

O estadio conformarase cun atleta por proba e cada atleta poderá puntuar nunha soa proba realizándose na intranet (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) como data límite o día **11 de abril de 2022 ás 20:00h.** Os rexistros deberán ser acadados en probas oficiais e estar homologados. Valerán as marcas de 5.000 polo 3.000 e o 10.000 polo 5.000 marcha así como as marcas da pista cuberta.

(as probas de pista cuberta puntuaranse coa táboa de aire libre)

**Art.4)** No referente á participación de atletas estranxeiros/as e atletas de Clubs Asociados, aplicaranse as mesmas normas que ten a RFEA:

- Atletas estranxeiros/as: **5 participacións** (Non contabilizarán os/as atletas de categoría sub18 e sub16).
- Atletas de Clubs Asociados: **6 participacións**



## **CIRCULAR**

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

**Art.5)** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do luns 18 de abril.**

**Art.6)** O sistema de puntuación será establecido por postos. En cada carreira ou concurso establecerase o seguinte criterio, 1º: N+1, 2º: N-1; 3º: N-2... etc., sendo N o número de clubs que participan. Os/as atletas (ou equipos) retirados ou descalificados non puntuarán.

**Art.7)** Proclamarase campión o Club que obteña maior cantidade de puntos. Haberá trofeo para os tres primeiros clasificados, sendo obrigatorio acudir ao protocolo de entrega dos mesmos.

**Art.8)** Cada Club participante deberá cubrir un mínimo de **15 probas**, non admitindo aqueles que non cheguen a este mínimo. Por acordo da comisión de clubs, aplicarase a mesma normativa que a establecida pola RFEA para as súas competicións de clubs.

- **Categorías Sénior, Máster, Sub23 e Sub20:** unha proba individual e un relevo.
- **Categoría Sub18:** tódalas probas autorizadas. Só poden facer unha proba individual e un relevo. De tal xeito que a suma das distancias percorridas si son carreiras non exceda os 510m.
- **Categoría Sub16:** unha soa proba sempre e cando esta se contemple no cadro de probas válidas para esta categoría ou o 4x100.

Por acordo da Comisión de Clubs non se permitirá a participación de ningún Club nin atleta fora de concurso.

**Art.9)** O/a delegado/a oficial de cada Club poderá efectuar un máximo de 5 trocos na composición do seu equipo ata 10 minutos antes do peche de cámara de chamadas. Os cambios efectuados nas probas de relevos, agás as inscricións realizadas previamente, non se contabilizarán.

**Art.10)** O sorteo de rúas e orde de actuación comunicarase unha vez recibidas todas as inscricións.

**Art.11)** Os/as atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, por diante, agás nos saltos que poden levar por diante ou por detrás, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.



**Art.12)** Horario da competición (provisional):

<b>XXXIV CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA ABSOLUTO DE CLUBS - XORNADA DE MAÑÁ</b>							
HORA	PROBA	CATEGORÍA	LONXITUDE	LANZ. LONGOS	ALTURA	PÉRTEGA	PESO
10:30					Homes		
10:40	3000 Marcha	Sub 14- 16 Mulleres	Homes	Martelo Mulleres			
11:05	3000 Marcha	Sub 14 Homes					
11:30	5000 marcha	Homes-Mulleres					
12:05	5000 Marcha	Homes					
12:10			Mulleres	Martelo Homes			
12:40	5000 Marcha	Mulleres				Mulleres	
13:10	100	Homes					
13:17	100	Mulleres					
13:30				Disco Mulleres			Homes
13:35	400 mv	Homes					
13:45	400 mv	Mulleres					
13:52	800	Homes					
14:00	800	Mulleres					
14:15	4x100	Homes					
14:22	4x100	Mulleres					

<b>XXXIV CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA ABSOLUTO DE CLUBS - XORNADA DE TARDE</b>							
HORA	PROBA	CATEGORÍA	TRIPLO	LANZ. LONGOS	ALTURA	PÉRTEGA	PESO
16:30			Homes	Disco Homes	Mulleres		
17:00	110 mv	Homes					
17:10	100 mv	Mulleres					
17:26	400	Homes					
17:33	400	Mulleres					
17:40	400	Mulleres	Mulleres	Xavelina Homes			
17:57	200	Mulleres					
18:04	1500	Homes					
18:11	1500	Mulleres					
18:20	3000 Obs	Homes					
18:35	3000 Obs	Mulleres				Homes	
18:50	3000	Homes					Mulleres
19:10	3000	Mulleres		Xavelina Mulleres			
19:25	4x400	Homes					
19:35	4x400	Mulleres					



## **CIRCULAR**

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Horario de saída á pista límite de presentación en **Cámara de chamadas (deberán presentar DNI ou calquera documento con foto)**: Os atletas deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal postos.

- Carreiras e marcha: 7 minutos antes da hora oficial da proba.
- Carreiras con valados e relevos: 10 minutos antes da hora oficial da proba.
- Saltos (agás pértega): 20 minutos antes da hora oficial da proba.
- Pértega: 40 minutos antes da hora oficial da proba.
- Lanzamentos: 20 minutos antes da hora oficial da proba.

**Alturas dos listóns:** Colocaranse a altura máis baixa das solicitadas polos atletas e que permitan os saltómetros, ata continuar ca cadencia que se publicara co horario definitivo.

**Art.13).**- O aforo estará regulado conforme ás limitacións establecidas no momento da competición, seguindo sempre a normativa sanitaria e a normativa da instalación

**Art.14).**- Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA.

**Art.15)** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, ás normas da FGA, RFEA e WA.

A Coruña, a 4 de abril de 2022

Carlos Castro Vicente  
**Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo**